

## CONTRATOS DE TRABAJO EN GALIZA (ANO 2002)

Antes de analisarmos a evolución da contratación en Galiza no ano 2002, cumpre aclarar que no devandito ano 2002 desaparecen os contratos a tempo parcial como contratos iniciais. Até decembro de 2001 este tipo de contrato englobaba todos os efectuados a tempo parcial dentro de calquer modalidade de contratación. A partir de xaneiro de 2002, cada contrato sumará todos os formalizados na súa modalidade, independentemente da xornada pactada.

Outra das novidades deste ano foi a desaparición do contrato a minusválidos en centros especiais de emprego como contrato inicial.

Diferéncian-se como tipo de contrato os de relevo –contratos de duración indefinida ou até o momento da xubilación do traballador ao que substituen por xubilación parcial, con xornada parcial ou completa– e os de xubilación parcial, que son contratos de duración determinada e xornada parcial complementáridos de relevo.

Contratos de traballo segundo modalidade de contratación						
	2000		2001		2.002	
	Total	%	Total	%	Total	%
<b>Duración temporal</b>	<b>649.021</b>	<b>92,68</b>	<b>649.841</b>	<b>91,49</b>	<b>657.338</b>	<b>91,81</b>
Por obra ou servizo determinado	223.027	31,85	227.997	32,10	268.773	37,54
Event. por circunstancias da prod.	205.344	29,32	194.263	27,35	262.835	36,71
Interinidade	43.264	6,18	49.691	7,00	61.098	8,53
Temporal para minusválidos	326	0,05	392	0,06	465	0,06
A tempo parcial	111.150	15,87	118.928	16,74	0	0,00
Substit. por xubilación aos 64 anos	89	0,01	82	0,01	44	0,01
Prácticas	6.255	0,89	5.689	0,80	6.354	0,89
Formación lei 63/97	13.361	1,91	12.658	1,78	14.842	2,07
Minusválidos en CEE	391	0,06	451	0,06	0	0,00
Temporal de inserción					4.784	0,67
Xubilación parcial					429	0,06
Outros	38.091	5,44	39.690	5,59	37.714	5,27
<b>Duración indefinida</b>	<b>51.293</b>	<b>7,32</b>	<b>60.417</b>	<b>8,51</b>	<b>58.630</b>	<b>8,19</b>
Indefinidos ordinarios	12.718	1,82	13.891	1,96	16.486	2,30
Indefinidos lei 63/97	19.835	2,83	13.873	1,95	13.843	1,93
Minusválidos	535	0,08	551	0,08	413	0,06
A tempo parcial	7.723	1,10	7.560	1,06	0	0,00
Relevo					449	0,06
Contratos convertidos en indefinidos	10.482	1,50	24.542	3,46	27.439	3,83

<b>Total contratos</b>	<b>700.314</b>	<b>100,00</b>	<b>710.258</b>	<b>100,00</b>	<b>715.968</b>	<b>100,00</b>
------------------------	----------------	---------------	----------------	---------------	----------------	---------------

Fonte: Elaboración propia a partir do dados do INEM.

No ano 2002 rexistraron-se en Galiza 715.968 contratos –un 0,8 máis que no ano anterior, dos cais o 96,2% son contratos iniciais e o restante 3,8% son convertidos en indefinidos procedentes de traballadores cun anterior contrato temporal–, moi por debaixo do crecemento que se viña dando nos últimos anos. Confirma este dado, o parón que está a sufrir a economía galega, que xa anunciábase o ano pasado e que este dado vén a confirmar.

Esta ralentización na evolución da contratación non afectou en igual medida aos contratos fixos que aos temporais. Mentres os contratos rexistrados baixo algunhas das modalidades de contratación indefinida descenderon un 2,96%, os de duración temporal aumentaron un 1,15%.

Do total, somente o 8,19% dos contratos rexistrados neste último ano foi baixo algunha modalidade de contratación indefinida, catro décimas menos que no ano 2001.

<b>En 2002, só o 8,1% dos contratos asinados tiveron carácter indefinido</b>
--

### **Contratos indefinidos.**

Foron 58.630 os contratos indefinidos que se asinaron no ano 2002, un 2,96% menos que no ano anterior. Este descenso produce-se nos indefinidos iniciais, é dicir, contratos asinados por persoal procedente do desemprego, xa que os convertidos en indefinidos aumentan un 11,8%.

Dentro dos indefinidos iniciais os únicos que medran son os ordinarios, que o fan un 18,68% e acadan o 2,3% do total dos contratos fronte ao 1,96% que acadaban no ano 2001.

Son 16.486 novos contratos indefinidos, dos cais o 75% son asinados por homes no 86% dos casos con xornada completa. As mulleres asinan o restante 25%, dos cais un 32% son a tempo parcial. As fixas descontínuas acadan o 5,8% das mulleres con este tipo de contrato.

No que atinxe aos indefinidos fomento do emprego, dá-se un retroceso, desde o ano 2000 desta modalidade de contratación, retroceso que se centra exclusivamente entre os homes xa que no caso das mulleres están aumentando. En 2002 acada o 1,93 do total dos contratos, sen a penas variación con respecto ao ano anterior.

As maiores bonificacións que teñen os contratos indefinidos fomento do emprego se son para mulleres fan que estas sexan maioritarias –desde o ano 2001– nesta modalidade de contratación. No ano 2002 o 63,3%, dos 13.843 contratos rexistrados baixo esta modalidade, foron asinadas por mulleres, dos cais un 28,6% son a tempo parcial e un 3,4% fixas descontínuas.

Os contratos convertidos en indefinidos procedentes doutra modalidade de contratación aumentaron un 11,8% no ano 2002 e acadan o 3,83% do total, convertendo-se na cuarto modalidade de contratación máis utilizada deste último ano.

Segundo a procedéncia do contrato inicial a evolución foi a seguinte:

	2001	2002
Por obra ou servizo determinado	5.051	5.134
Event. por circunstancias da prod.	10.817	14.269
Interinidade	223	298
Temporal para minusválidos	23	1
A tempo parcial	5.263	4.627
Substit. por xubilación aos 64 anos	18	23
Prácticas	1.867	1.897
Formación lei 63/97	1.213	1.066
Outros	67	124
<b>Total</b>	<b>24.542</b>	<b>27.439</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do datos do INEM.

En 2002 o maior volume de conversións procedía de contratos eventuais por circunstancias da produción (52%), seguido dos de obra ou servizo co 18,7%; os a tempo parcial, co 16%, son os terceiros en importancia.

## Contratos eventuais

En 2002, o 91,8% dos contratos rexistrados, 657.338, foron con carácter temporal, un 1,15% máis que no ano anterior.

Ao desaparecer os contratos a tempo parcial como modalidade de contratación, tal e como anunciábase ao principio deste documento, dá-se unha nova distribución entre as distintas modalidades para acoller estes, co cal hai variación moi importantes nalguns dos contratos máis utilizados, aínda que en global, as diferenzas non sexan moi grandes.

A modalidade máis utilizada segue a ser a de obra ou servizo determinado co 37,5% do total e un incremento do 17,8% con respecto ao ano 2001.

O forte aumento que tiveron os eventuais por circunstancias da produción (35,3%) no ano 2002 –probablemente acolle a maioría dos anteriores a tempo parcial–, converte-os nos segundos en importancia e xa moi próximos aos de obra ou servizo determinado. En 2002 o 36,7% dos contratos rexistráronse baixo esta modalidade.

Os de interinidade son os terceiros en importancia; alcanzaron o 8,53% do total no ano 2002.

O maior aumento dos contratos temporais no ano 2002 dispara novamente as taxas de temporalidade. E xa son cinco anos consecutivos con incrementos da temporalidade; os valores son os que amosamos na táboa seguinte:

Porcentaxe de asalariados segundo tipo de contrato:

	1998	1999	2000	2001	2002
C. Indefinido	65,8	66,1	65,6	65,8	65,2
C Temporal	33,3	33,9	34,3	34,2	34,8
Total	100	100	100	100	100

Fonte: Enquisa de Povoación activa. Dados en %. Médias anuais.

Os datos que nos reflecte a Enquisa de Povoación Activa sinalan de novo un aumento importante da porcentaxe de asalariados con contrato temporal.

Cun aumento da ocupación total por debaixo do 1% en 2002 –concretamente un 0,89%–, o número de asalariados medrou un 4,1%, e son novamente os asalariados con contrato temporal os que máis medran; así, a taxa de temporalidade pasa dun 34,2% en 2001 a un 34,8% en 2002, 6 décimas superior.

**A temporalidade alcanza o 34,8% dos asalariados**

Cando se están destinando fortes cantidades de diñeiro público a intentar paliar esta situación, vemos que a política de medidas activas levada a cabo polo partido popular é ineficaz, algo que queda patente sobretudo na evolución da temporalidade, e sobretudo entre as mulleres; nestas –que teñen incentivos maiores para a súa contratación fixa– vemos como a súa taxa de temporalidade se dispara; no último ano alcanza o 38% das mulleres asalariadas, superando en máis de dous puntos á porcentaxe acadada no ano 2001.

A porcentaxe de homes con contrato temporal baixou lixeiramente no ano 2002, esta acadou o 32,8% fronte ao 33,2% de 2001.

A rotación do emprego, entendida como a relación entre os contratos temporais rexistrado no ano e os asalariados con contrato temporal, dá-nos unha media de 2,4 contratos por persoa no ano 2002; aínda que descendeu tres décimas desde o ano anterior, amosa unha alta rotación do emprego en Galiza.

### **Contratos de traballo segundo tipo de xornada e provincia.**

Ao ser esta unha estatística que se publica este ano por primeira vez, non nos permite facer comparacións con outros anos, pero creo importante incluí-la pola información que achega.

	Total	Xorn. parcial	Xorn. completa	Fixos-descontínuos
A Coruña	288.778	69.443	219.093	242
Lugo	69.749	10.360	59.310	79

Ourense	47.801	8.992	38.733	76
Pontevedra	282.201	48.853	232.692	656
<b>Total</b>	<b>688.529</b>	<b>137.648</b>	<b>549.828</b>	<b>1.053</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo INEM.

Ao igual que a actividade económica, a maior parte dos contratos rexistran-se nas dúas provincias máis atlánticas, o 41% en cada unha delas.

En Lugo só se asinou o 10,1% do total, e en Ourense só un 6,9%; o que denota a cativa actividade que existe nestas dúas provincias, sobretudo na de Ourense.

No que atinxe ao tipo de xornada, en xeral, o 79,8% dos contratos iniciais asinadas ao longo do 2002 foi por xornada completa, un 19,9% a tempo parcial e o restante 0,15% fixos-descontínuos.

Os fixos descontínuos centran-se fundamentalmente na provincia de Pontevedra, onde se rexistraron o 62,3% do total; un 22,3% dá-se na provincia da Coruña, no resto das provincias a penas son significativos.

Polo que respeita á xornada a tempo parcial, rexistraron-se 137.648 no ano 2002, o 50% deles na provincia da Coruña. Con respecto ao ano anterior deu-se un aumento do 8,8% na utilización desta xornada.

## Contratos de traballo segundo duración.

A distribución segundo a duración polas distintas modalidades de contratación foi a seguinte:

Contratos de traballo segundo a duración											
	< 7 días	7 a 15 días	15 días 1 mes	1 a 3 meses	3 a 6 meses	6 a 12 meses	12 a 18 meses	18 a 24 meses	> de 24 meses	indeterm.	Total
Duración temporal											
Por obra ou serv. det	11.355	1.239	2.917	8.170	7.055	6.351	273	138	245	231.030	268.773
Event. por circ. prod.			105.032	80.252	66.536					11.015	262.835
Interinidade	4.948	3.266	6.663	3.645	2.153	406	65	15	10	39.927	61.098
Temp para minusv.						454	8	2	1		465
De inserción	132		1	226	965	3.394	66				4.784
De relevo		1		2	3	10	12	14	407		449
Substit. xub 64 anos			1		3	49	14	16	382	8	473
Prácticas					2.696	3.506	89	63			6.354
Formación lei 63/97					13.561	1.144	36	90	11		14.842
Outros	16.656	664	752	109	879	795	53	30	35	17.741	37.714
											0
<b>Total</b>	<b>33.091</b>	<b>5.170</b>	<b>115.366</b>	<b>92.404</b>	<b>93.851</b>	<b>16.109</b>	<b>616</b>	<b>368</b>	<b>1.091</b>	<b>299.721</b>	<b>657.787</b>

%/total	5,03	0,79	17,54	14,05	14,27	2,45	0,09	0,06	0,17	45,57	100
---------	------	------	-------	-------	-------	------	------	------	------	-------	-----

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo INEM.

A elevada porcentaxe de contratos con duración indeterminada, 45,57% do total, desvirtua as porcentaxes anteriores, xa que moitos deles son contratos de duración moi escasa, pero ao pertencer a modalidades de contratación en que por definición non se sabe, na maioría dos casos, a duración que van ter e ser contratos cun uso que está moi estendido, elevan moito a porcentaxe final.

Son sobretudo os contratos por obra ou servizo determinado, a modalidade máis utilizada no mercado laboral galego, e que no ano 2002 o 86% dos contratos rexistrados baixo esta modalidade foron por duración indeterminada. Os de interinidade, outra modalidade tamén importante, no 65% dos casos asinantes por tempo indeterminado.

Apesar do dito anteriormente, seguen primando os contratos de escasa duración, no ano 2002, o 5% dos contratos temporais tiveron unha duración inferior aos 7 días; un 0,7% entre 7 e 15 días e un 17,5% duraron entre 15 días e un mes. Así, un 23,3% dos contratos tiveron unha duración inferior ao mes. Esta porcentaxe coincide coa do ano anterior, o que denota que non existe nengun cambio nen medida en prol de atallar a temporalidade.

**Un 23,35 dos contratos tiveron unha duración inferior ao mes**

Se sumamos todos os intervalos ata os 6 meses, vemos como o 51,5% teñen unha duración inferior aos mesmos, o que deixa fóra do desemprego, se non encadean uns contratos con outros, a maioría dos traballadores con contrato temporal no noso país.

Así, manteñen-se as diferenzas nas taxas de cobertura entre Galiza e o resto do Estado apesar de contar Galiza cunhas taxas de desemprego moi superiores á media estatal.

A evolución e as diferenzas co resto do Estado son as que amosamos no cadro seguinte:

	Estado español	Galiza
1998	49,1	42,2
1999	50,9	44,0
2000	52,5	46,2
2001	56,6	48,5
2002	59,8	52,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo INEM.

A taxa bruta de cobertura de desemprego, a que resulta de dividir o total de beneficiarios (73.200 no ano 2002) polo número medio de desempregados rexistrados en Galiza ao longo de 2002 (140.400), sobe 3,6 puntos no último ano, levemente por riba da media do Estado que sobe 3,2 puntos. Pero aínda

así se mantén unha diferenza moi importante: **a taxa de cobertura é 7,7 puntos inferior en Galiza que na média estatal.**

Os 73.200 beneficiários das prestacións de desemprego en Galiza supoñen o 6,1% da média estatal. Tendo en conta que a taxa de desemprego é moi superior en Galiza que na média do Estado (12,35% fronte a 9,14%), a cobertura que ofrece a prestación por desemprego é claramente inferior en Galiza.

## Contratos por idade.

É importante coñecer a distribución dos contratos segundo a idade do asinante, para ver en que modalidades priman máis unhas idades ou outras.

A distribución dos contratos iniciais –dos convertidos a indefinidos non dispomos desta información–, polos distintos grupos de idade foi a seguinte no ano 2002:

Contratos por idade. 2002						
	<25 anos	25 a 29 anos	30 a 39 anos	40 a 44 anos	>45 anos	Total
<b>Duración temporal</b>	<b>207.203</b>	<b>152.597</b>	<b>162.804</b>	<b>55.685</b>	<b>79.049</b>	<b>657.338</b>
Por obra ou servizo det.	75.426	60.633	70.577	24.979	37.158	268.773
Event. por circunst. da prod.	94.040	62.987	61.526	19.002	25.280	262.835
Interinidade	13.599	16.151	18.078	6.601	6.669	61.098
Temporal para minusválidos	81	80	154	55	95	465
Substit. por xubil. aos 64 anos	4	7	20	4	9	44
Prácticas	3.880	2.176	278	12	8	6.354
Formación lei 63/97	13.442	294	450	226	430	14.842
Temporal de inserción	1.293	1.417	825	330	919	4.784
Xubilación parcial	0	0	0	0	429	429
Outros	5.438	8.852	10.896	4.476	8.052	37.714
	0	0	0	0	0	0
<b>Duración indefinida</b>	<b>5.830</b>	<b>6.937</b>	<b>8.507</b>	<b>2.761</b>	<b>7.156</b>	<b>31.191</b>
Indefinidos ordinarios	2.562	3.277	5.930	2.050	2.667	16.486
Indefinidos lei 63/97	3.013	3.425	2.401	645	4.359	13.843
Minusválidos	34	70	127	56	126	413
Relevo	221	165	49	10	4	449
	0	0	0	0	0	0
<b>Total contratos</b>	<b>213.033</b>	<b>159.534</b>	<b>171.311</b>	<b>58.446</b>	<b>86.205</b>	<b>688.529</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo INEM.

O maior volume de contratos centra-se nos máis novos: os menores de 25 anos asinan o 30,9% do total dos contratos e os de entre 25 e 29 anos, o 23,2%; así, os menores de 30 asinan o 54,1% do total dos contratos iniciais.

**Os menores de 29 anos asinaron o 54,1% dos contratos iniciais no ano 2002**

Estas porcentaxe aínda son maiores no caso da contratación temporal: os menores de 25 anos asinaron o 31,5% dos contratos temporais e sómente o 18,6% dos indefinidos; entre os de 25 a 29 a proporción é moi semellante: 23,2% dos temporais e 22,2% dos indefinidos.

Vemos como a idade é un factor importante á hora de asinar un contrato, centrando-se entre a mocidade a maior eventualidade.

### Contratos por sexo

É importante coñecer os contratos diferenciados por sexo pois ve-se claramente que existen contratos claramente femininos, e outros, a maioría, priman os feitos a homes.

<b>Contratos por sexo. 2002</b>			
	Homes	Mulleres	Total
Duración temporal	370.293	287.045	657.338
Por obra ou servizo determinado	173.241	95.532	268.773
Event. por circunstancias da prod.	141.937	120.898	262.835
Interinidade	18.772	42.326	61.098
Temporal para minusválidos	358	107	465
Substit. por xubilación aos 64 anos	24	20	44
Prácticas	3.324	3.030	6.354
Formación lei 63/97	9.265	5.577	14.842
Temporal de inserción	2.453	2.331	4.784
Xubilación parcial	411	18	429
Outros	20.508	17.206	37.714
Duración indefinida	17.964	13.227	31.191
Indefinidos ordinarios	12.205	4.281	16.486
Indefinidos lei 63/97	5.077	8.766	13.843
Minusválidos	286	127	413
Relevo	396	53	449
<b>Total contratos</b>	<b>388.257</b>	<b>300.272</b>	<b>688.529</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo INEM.

A nivel global, o 56,4% dos contratos iniciais –dos convertidos a indefinidos non dispomos desta información–, son asinados por homes e o restante 43,6% por mulleres, pero con diferenzas importantes entre as distintas modalidades.

Unha primeira diferenza é entre fixos e temporais; no caso dos fixos a porcentaxe de mulleres é inferior que no caso dos temporais, coa salvidade dos indefinidos fomento do emprego, que como comentábamnos ao primeiro deste documento, polas maiores axudas que reciben estes contratos se son asinados por mulleres, estas sendo maioritarias dentro desta modalidade mentres retroceden os asinados por homes; neste último ano un 63,3% foron asinados por mulleres quedando para os homes o restante 36,7%.

No resto das modalidades de contratación indefinida a proporción de mulleres está por debaixo do 30%.

Entre os contratos temporais, os homes son maioritarios en todas as modalidades salvo nos contratos de interinidade, onde practicamente no 70% dos casos son as mulleres as que os asinan.

Coa desaparición do contrato a tempo parcial como tal, perde-se unha modalidade claramente feminina; por iso aumenta, case se duplica, a participación das mulleres nos eventuais por circunstancias da produción que absorberon maioritariamente aos a tempo parcial; así, a participación das mulleres pasou dun 22% a un 35,5% nesta modalidade no último ano.

Nos temporais de inserción, o reparto entre homes e mulleres é bastante proporcional así como nos de prácticas.

Vigo, 24 de febreiro de 2002  
Natividade López Gromaz  
Gabinete Técnico Confederal.